

## Testemuños sociais en *Follas novas*

**Benito Varela Jácome**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

VARELA JÁCOME, BENITO (2011 [1985]). “Testemuños sociais en *Follas novas*”. *Dorna. Caderno de crítica literaria*: 8, 1-4. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/41>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

VARELA JÁCOME, BENITO (1985). “Testemuños sociais en *Follas novas*”. *Dorna. Caderno de crítica literaria*: 8, 1-4.

\* Edición dispoñíbel desde o 24 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## TESTEMUÑOS SOCIAIS EN “FOLLAS NOVAS”

### Anovación estética.

O proceso poético da inmorrente Rosalía de Castro chega ó seu cumio no ano 1880, coa saída do prelo de *Follas novas*. Os lectores de onte e de hoxe, alcontrámonos diante dun libro anovador, en tódolos niveis. Ó longo dunha ducia de anos, a nosa autora foise desvencellando do costumismo, foi desbotando o empréstimo da poesía popular. A lingua semiotízase cun axeitado código embelecedor; arrequécese, sométese ó xogo das transcodificacións, convertese en postigo das tensións dos poemas. Nos versos enlíñanse as visualizacións cromáticas, as sensacións oídas, os signos vencellados ás inquedanzas, ós sentimentos.

No eido das transcodificacións, artéllanse asociacións de metáforas tradicionais, baseadas nunha identidade física. Pero tamén inzan as arelanzas, o desbordamento psicolóxico que trasmutan o senso de moitos sintagmas; latexan arrepiantes os pensamentos tolos; os acedos froitos da dor trocan en “desertos páramos as entrañas”; o fastío chántase diante, ferinte, coma “espada de dous fios”...

Polos eidos pechados, polos camiños choídos, Rosalía afógase da sede que mata; descobre os sentimentos de desacougo, de saudade; treme co agoiro do complexo de Polícrates, coa anguria de Tántalo. Nos poemas “Negra sombra” e “Unha vez tiveron un cravo”, emprega símbolos puros encadeados para transmitir a anguria; a “negra sombra que me asombra” é unha cisma, espállase nun símbolo polisémico que pode representar, ó mesmo tempo: a tristeza, a dor, a anguria, a dramática saudade vencellada ó propio ser, a pantasma da nada, a conciencia existencial. Da outra banda, o “cravo cravado no corazón”, nidio adianto do poema de Antonio Machado, esgaza as entrañas; convértese nun sufrimento sen lindeiros, vencellado tan fondamente á escritora que mesmo lle deixa un oco valdeiro, unha morriña sen fondo, cando consegue arrincalo.

A renovación prodúcese tamén no nivel métrico. A carón das formas arromanceadas, das estrofas tradicionais, artéllanse as estrofas de pé crebado, con mestura de endecasílabos, decasílabos e dodecasílabos, con versos de arte menor; ás veces son unha superación dos ensaios encetados por Bécquer; e non podemos esquecer os alexandrinos, adianto, sen dúbida, da posterior renovación de Rubén Darío.

## Do subdesenrolo á inxusticia

Rosalía non se desleiga nunca das arrepiantes realidades campesiñas. O subdesenrolo aldeán que arrodea a súa nenez, a conflictividade da vida dos labregos, a incertidume dos mariñeiros, a malafada dos mendiños, alumean unha chea de poemas. A súa intención de denuncia maniféstase xa no limiar da obra: “Libros enteiros poidéranse escribir falando do eterno infortunio aos nosos aldeáns e mariñeiros, soia e verdadeira do traballo no noso país”.


Artéllanse uns cantos eixes semánticos, nunha ingridoira de sufrimentos, no espazo xeosocial da Galicia campesiña. As funcións do traballo, das xenreiras, da marxinação, dos debezos de xusticia, latexan ó longo dos poemas. Os campesiños deslombados traballan a reo, desde o mencer á noitiña; os homes perseguidos, cansos de humillacións, alanquean de aldea en aldea, pedindo un codelo de pan; mulleres que camiñan de Santiago a Padrón, baixo a chuvia, que non teñen comida nin leña para a lareira; familias que viven entre paredes agretadas... Ás veces, as funcións negativas superpóñense na existencia dos nenos orfos: famentos, tremendo de friaxe, esfarrapados, descalzos, cos pés lañados, esvaecidos, durmindo nas pedras.

Ademais destas situacións arrepiantes, o compromiso da nosa autora dramatízase en dous eidos: os desacougos producidos pola emigración e unha situación lindeira de inxusticia. O poema “A xusticia pola man” achéganos á ríspida denuncia de Curros Enríquez. As funcións cardinais do poema moven o proceso exencial anguriente. Coa perspectiva dun *eu-axente*, trasmudado en vítima, o complexo proceso de aldraxes da muller trasmítese á semellanza dun monólogo alumeante. O embargo dos bés desencadea as forzas da traxedia, desenroladas ó longo de media ducia de unidades. Nos primeiros cinco versos, actúan os axentes depredadores vidos da vila para aldraxa-la muller, física e moralmente, pra converte-la en “paciente” anguriada e en desespero.

O drama alporizante da campesiña expoliada, ensumida na miseria, abraiada pola morte dos fillos, muchada, contrasta co inconsciente repousar dos culpables. Nos versos 14-17 resoan os pregos inútiles da nai esbullada, ós xuíces e a Deus. Na secuencia quinta (vs. 18-22), a protagonista trócase de “paciente” en “axente” arroutada pola decisión de toma-la xusticia pola propia man. A sanguente vinga execútase nun *tempo* afusquinado, movido por unha dobre acción xestual; as mans erguidas e o mortal golpe da fouciña (v. 24).

Despois desta situación lindeira, séguese a actitude estática, abraiada, da vingadora, sentada a carón dos mortos. Os dous derradeiros dodecasílabos son o resume da dobre función da xusti-

cia: a da muller cos seus depredadores, e a das leis nas súas mans executoras. Podemos debuxar, con este diagrama, a síntese dos tempos e as funcións de vieiro purgativo da axente do poema:



### “As viudas dos vivos”

Dende o seu recuncho anguriente de muller abalada pola infelicidade, Rosalía de Castro ten conciencia das arelas, dos desacougos, das coitas das campesiñas galegas. A escritora conmóvese

sempre ó ollar e senti-lo afogo e as desditas destas ardidias heroínas do noso mundo rural; para ela, sofren tódalas xenreiras, tódolos alifaces que poidan aflixir á parte mais inxel da humanidade. Na mesma prosa do limiar de *Follas novas*, encontrámo-lo primeiro testemuño:

“No campo, compartido metade por metade, cos seus homes as rudas faenas; na casa, soportando valerosamente as ansias da maternidade, os traballos domésticos e as arideces da pobreza. Soias o máis do tempo, tendo que traballar de sol a sol, e sen axuda pra mal manterse, pra manter ós seus fillos, e quezais ó pai valetudinario, parecen condenadas a no atoparen nunca reposo senón na tumba”.

No derradeiro libro desta obra, titulado “as viudas dos vivos e as viudas dos mortos”, proxéctase unha áspera denuncia, unha epopeia do abatemento, do desconforto, da inquedaanza das mulleres da aldea, “que viven e morren levando a cabo feitos maravillosos por sempre ignorados, pero cheos de miragres de amor e de abismos de perdón”.

A emigración é a tensión conturbadora que máis apreixo a estas mulleres. En “¡Pra Habana!”, a execución do embargo pola xusticia, coa venda do gando, do carro e das leiras empuxa ó home fóra do país. O subdesenrolo do campo, a “miseria negra” move a outras á aventura ultramarina, deixando orfos ós fillos, sen consolo posible ás “viudas de vivos”. A escada de dor destas campesiñas artéllase sobre da tristura, do desespero, da anguria, das situacións lindeiras. A axente de “Tecín soia a miña tea” esfórzase, sen axuda, no traballo; desacóugase nas noites tremante polo zoar do vento; sente a ferinte morriña do home perdido.

As mociñas da aldea percorren tódolos vieiros das penurias, saloucan polo abandono dos namorados. Os versos dalgún poema xiran no sarillo dos “tolos pensamentos”; presenta á dorida namorada que estala de dor, que chama arelante polo seu amor: “¡volve, volve onda mín!”. En “Coa pena ó lombo”, a campesiña arrepiada pola saudade, co recordo quente do emigrante que non volta das Américas, “pra morrer de dór, ao mar se lanza”. Polos derradeiros poemas do libro, amostránsenos mulleres esmaiadas, sen ledicia, sen as azas dá esperanza; mociñas que alanquean polas rúas, que saloucan polos carreiros; rapazas que se muchan nos lindeiros das vilas; mulleres axeonlladas, a carón dos restalantes tizóns de carballo; mulleres isoladas, ailladas, que devanan a fervenza dos seus anguriados sentimentos.

*Benito Varela Jácome*  
Compostela, Xaneiro do 85